

	 Amigos da Terra	XX Encontro de “Amantes do Lixo” Documento de conclusións	amigosdaterra.net
		Amigos da Terra R/ Capitan Eloi, 20, 2º esquerda 32003 Ourense Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020 e-mail: info@amigosdaterra.net	

Aposta pola recollida selectiva da materia orgánica

Durante a fin de semana do 5 ao 8 de decembro reuníronse en Basauri (Bizkaia) un centenar de persoas que representaban a grupos ecoloxistas e ambientais, entre os que se atopaba Amigos da Terra, entidades recuperadoras de economía social e grupos de educación ambiental.

A principal constatación foi o fracaso da xestión dos residuos, recuperándose de media un escaso 15 %, así como un aumento imparable na súa produción, incumprindo os obxectivos do plan nacional de residuos vixente.

As causas son evidentes, o actual modelo de xestión baseado nunha recollida que mestura as distintas fraccións do lixo, imposibilita unha maior recuperación e reciclaxe.

Seguen vixentes as formulacións que desde os inicios viñéronse propondo desde “amantes do lixo” e que inciden nas políticas de redución, reutilización e recollida selectiva para a súa posterior reciclaxe.

As políticas de redución e reutilización son primordiais para diminuír a produción de lixo potenciando o consumo responsable.

As políticas de recollida selectiva en orixe permiten tratar cada residuo por separado. A materia orgánica supón o 45 % e é facilmente recuperable con sistemas de compostaxe ou biometanización. Como demostran as experiencias en Cataluña, Córdoba, etc. superándose o 60 % de recuperación e reciclaxe dos residuos. Destacamos os altos resultados do modelo “porta a porta” implantados en municipios de Europa e Cataluña.

Estas políticas deben incluírse nas leis que se están debatendo neste momento (a transposición da Normativa Marco de Residuos Europea e o Plan Nacional Integrado de Residuos) con plans concretos e dotacións orzamentarias suficientes.

Amantes do lixo rexeita a incineración como sistema de tratamento polo seu alto custo económico, impacto sobre o medio ambiente e a saúde da cidadanía.

CONCLUSIÓNS XERAIS EXTRAIDAS DO ENCONTRO

1. Denunciamos o actual modelo baseado no consumo desmesurado de recursos, que xera graves impactos ambientais e sociais. Criticamos este modelo de “desenvolvemento”, voraz e insostible, que conduce á exclusión social.
2. É necesario unha política de prevención e redución en orixe dos residuos, apoiando políticas de produción limpa e ética.
3. Esiximos o cumprimento real da Xerarquía das “tres erres”: redución, reutilización e reciclaxe e que sexa trasladada ás leis en debate nestes momentos (transposición da Normativa Marco de Residuos Europea o Plan Nacional Integrado de Residuos e a revisión da lei de envases e embalaxes)
4. Apostamos pola redución de residuos como principal vía para solucionar o problema desde a súa raíz.
5. Apostamos por un modelo de recollida selectiva en polo menos, catro fraccións (materia orgánica, vidro, papel e resto), que garanta o máximo índice de recuperación e reciclaxe.
6. Esiximos unha recollida selectiva da materia orgánica ao ser a fracción máis importante dos residuos, separación que ten que alcanzar unha pureza superior ao 90%.
7. Esiximos a titularidade pública da xestión de todas as fraccións de residuos. É paradigmático o caso da xestión dos envases (Ecoembes), que non cobre o custo total da recollida e tratamento e ata impón a súa política de “usar e tirar” ás corporacións municipais.
8. Reivindicamos taxas fiscais que graven a incineración como solución de “fin de tubería” e tamén o verquido, e que estes cartos sexan destinados a incentivar a recuperación real e efectiva.
9. As campañas publicitarias non poden substituír ás campañas de educación ambiental, xa que estas últimas inciden na prevención e reutilización e son sostidas no tempo e diríxense a todos os niveis da sociedade.
10. Reafirmámonos no dereito á información, a transparencia e a participación na xestión dos residuos, como estratexia para aumentar a implicación de toda a sociedade.
11. Valoramos como positiva o traballo dos grupos recuperadores de economía solidaria que recolle as fraccións denominadas especiais (voluminosos, RAEEs, roupa etc) porque basean o seu modelo na reutilización (venta segunda man), a recuperación dos diversos materiais (superior ao 60 %) e a xeración de emprego.
12. Rexeitamos a incineración en todas as súas variantes (incineración, plasma, cementeiras) como modelo de xestión de residuos polo seu alto custo, antiecolóxico, prexudicial para a saúde pública e porque imposibilita a recollida selectiva de materia orgánica e resto de materiais. Así como unha mínima xeración de emprego.
13. Desde “Amantes do Lixo” facemos un chamamento á coordinación dos diferentes movementos sociais (sindicatos, veciñais, consumidores, ecoloxistas, recuperadores, colectivos de educación ambiental), co fin de parar os proxectos de incineración e crear un modelo alternativo de xestión baseado na xustiza social (extensible a todo o planeta)